



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Públicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/53/2013	CONYI0BA
5N1W3H4B1A5D4Q6115UB	

ACTA DE APERTURA DO SOBRE “2” (MELLORAS), PRESENTADOS PARA A LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-AMBIGÚ NA CASA DO CONCELLO.

Na Sala de Xuntas, ás once horas e corenta minutos do día 29 de abril de 2014, reúnese a mesa de Contratación, constituída como órgano asesor no procedemento aberto seguido para a contratación da explotación da cafetería-ambigú na Casa do Concello, formada por:

O Sr. D. José Manuel Blanco Suárez que actúa como presidente

Vogais:

- D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
- D. Manuel G. Antón Villamil Interventor Accidental
- D. Guillermo Sánchez Fojo, representante do grupo municipal Terra Galega.
- Dna. Soledad Rivas López Técnico de Patrimonio
- D. Pablo Mauriz Romero Concelleiro delegado para asuntos de persoal
- D. Gonzalo Iglesias Blanco, representante do grupo municipal do Partido Popular

Actúa como Secretario D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección contratación

Aberta a sesión pola Presidencia, o Secretario da Mesa deu lectura a acta da reunión anterior onde se procedeu ao exame das declaracións responsables dos licitadores conforme tiñan plena capacidade e solvencia para contratar coa administración, admitíndose a todos os licitadores: Dna. Sandra Sofía Ribeiro Ceia, Dna Natalia Torres Carballal, Dna. Rosa Mato Rodríguez, Hostelería López y Dopico S.L. e Montpla S.L.

A vista dos antecedentes expostos e aos efectos do disposto no artigo 27 do Real Decreto Lei 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, procédese, pola Presidencia, á apertura dos sobres “2” Melloras.

Presentaron ofertas todos os licitadores agás Dna. Rosa Mato Rodríguez.

Abertos os sobres que conteñen as melloras propostas polos licitadores resultou que Dna. Natalia Torres Carballal, Dna. Sandra Sofía Ribeiro Ceia e Montpla S.L., ofertan distintas melloras a realizar pero sen valorar as mesmas, como así indica a cláusula 9.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, polo que a Mesa acordou a



NARÓN

non valoración destas ofertas ao non incluír un dato esixido polo po prego de condicións e fundamental para a súa avaliación.

Hostelería López y Dopico S.L., oferta:

Pintado do Local – 600,00 euros

Solo (tarima flotante) – 1.000,00 euros

Enseres e mobiliario – 1.400,00 euros

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado, esta Mesa volverá a reunirse para proceder a valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do devandito Real Decreto Lei 817/2009 .

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente